

Antonio Gamoneda

«Son vocacionalmente un poeta provinciano»

Veu o novembro pasado Antonio Gamoneda (Oviedo, 1931) e puidemos escoitar unha conferencia sobre iconografías e escritas arredor dos Camiños de Santiago. Coa poeta María do Cebreiro cavilou no traballo creativo e na súa recepción comunitaria, ou na experiencia da relectura. O dominio da cidade na literatura occidental ou o espazo desde o que pensar hoxe a existencia dunha poesía en galego comparecen tamén na conversa. O autor de *Arden las pérdidas* ha volver para recibir o 30 de abril o recoñecemento como Escritor Galego Universal acordado pola AELG // *María do Cebreiro* // *Fotos: Mario Llorca*

María do Cebreiro. Que ocorre para un poeta cando deixa de escribir poesía?
Antonio Gamoneda. Durante un período longo, por circunstancias históricas, en España parecía que non había lugar no pensamento para a poesía. Iso xerou en min un silencio longo. Así e todo, cando finalizaron eses anos puiden comprobar que a poesía non me abandonara, que dalgún xeito estaba dentro de min, non medrando exactamente, pero habitándome. A poesía configurábase e configurábase no meu silencio, no meu aparente silencio interior. Logo foi cando, non sei se por azar ou por motivacións concretas, aínda que en realidade penso que por motivacións concretas, recuperei a escritura e daquela decateime de que se transformara. Isto quere dicir que non existe un baleiramento total nos tempos en que non se escribe. O poeta permanece aínda que a manifestación da súa poesía sexa moi posterior.

M. do C. Que pensa que pode facer a poesía pola lingua común, pola lingua de todos?

A. G. Pouco. A poesía é outra linguaxe. Mesmo diría que, aínda que estea deformada pola realidade exterior, transforma a súa natureza ao ser interiorizada. Se cadra nin sequera transforma a súa significación, pero pasa a ser outra cousa. E historicamente demostrouse que a poesía feita con deliberación, para modificar feitos, ben sexan da linguaxe, ben sexan da realidade política, da exterioridade obxectiva, non adoita cumprir este obxectivo... Amola recoñecelo, mais é así. Claro que valoro e estimo a boa vontade

de quen pretende facer da poesía un instrumento de modificación cultural, política, pero penso que, sobre todo en tempos en que cada ser humano recibe unha cantidade de información inmensa, impresionante – porque hai unhas tecnoloxías emisoras moi potentes – apenas hai espazo mental para tomar conciencia do significado da poesía, e esta concienciación sucede de maneira minoritaria.

M. do C. Como valoraría, daquela, a función comunitaria do poema?

A. G. Dalgún xeito a poesía dá noticia da visión persoal dun ser humano trasladada a unhas intensidades lingüísticas que non se dan na linguaxe usual. A poesía é importante para o propio emisor de poesía, dado que no traballo creativo prodúcese unha especie de liberación, de transformación dun sufrimento en obxecto estético, obxecto cuxa materia son as palabras. A función dos obxectos estéticos é historicamente crear algunha forma de pracer. Nunha palabra, lemos as *Coplas a la muerte de su padre* de Jorge Manrique e vemos que se trata dunha reflexión desolada sobre a fugacidade da vida, mesmo cunha estranxeza en relación co sentido da vida, que consiste en chegar á morte. Isto é, vimos dunha inexistencia e ao cabo imos dar noutra inexistencia. Jorge Manrique ocúpase dese tránsito desolado e faino na perspectiva e na contemplación da morte. Mais el crea un obxecto que nós lemos, con independencia de que respectemos o sufrimento subxacente, para proporcionarnos algún tipo de pracer.

M. do C. Se cadra tamén algún tipo de consolo?

A. G. Tamén porque, como dixen antes, para o propio poeta a poesía supón unha liberación, e para o lector en certo modo tamén. Entón tamén podemos entender a liberación acompañada dunha reparación, dun consolo.

M. do C. En relación co que estamos a falar, que papel cumpre para vostede a relectura, o acto de volver ler ao longo da vida?

A. G. A relectura e a reescritura son unha das miñas paixóns ou dos meus vicios. Volver a un obxecto estético configurado por palabras, a un obxecto xa coñecido, proporcionáanos unha especie de recuperación da nosa propia vida. Sen sermos exactamente conscientes diso, estamos relacionando as nosas lecturas anteriores con esta, estamos creando un arco que é unha conciencia en certo modo existencial. Pero ademais, en todas as relecturas de libros que importan dáse unha especie de aparición de novos planos. Pode contelos potencialmente o libro, pero é a distinta situación mental e perceptiva do lector a que fai que a lectura sexa distinta e que achegue novas olladas, que haxa unha sucesión de capas: eu non leo igual un libro aos 80 anos ca aos 15. Cando facemos unha lectura estamos integrando na nosa esoutra segunda vida que o tempo oculta nos libros. O lector ou o emisor desa escritura transfórmase, e isto é causa de que o acto de apropiación de significados, das formas que son causa de pracer e de asombro, das virtudes que se dan na escritura en función estética, sexan novas. Tamén cabe a posibilidade de



ler un libro veloz e apaixonadamente, case como se o fosemos esquecer. Porque logo, dese instante, sempre queda algo aínda que vaia esmorecendo no tempo. Paréceme que esta modalidade de lectura única non esgota, cando de grande escritura se trata, as experiencias que o libro pode suscitar.

M. do C. Como valora vostede esa caste de “imperativo metropolitano” presente na literatura occidental cando menos dende a modernidade? Que non hai nas cidades que deba ir parar hoxe a un libro de poemas?

A. G. Xa que pronunciou a palabra “metropolitano” quixera facer unha precisión. Adoito pensar nun fenómeno propio de certas metrópoles literarias como, en España, Madrid e Barcelona, nas cales hai un tecido de intereses, relacións, intercambios, notoriedades, proxeccións, mobilidade, da zona externa da creación... Todo iso non acostuma darse nas provincias. Son vocacionalmente un poeta

provinciano e até estou un pouco fatigado de que ultimamente non me deixen ser todo o provinciano que quixera. A partir de agora vou tentar recuperar todo canto poida o meu provincianismo.

M. do C. Vostede ten escrito e falado en varias ocasións sobre a importancia da tradición poética galega no contexto peninsular. Dende que lugar cómpre pensar e valorar hoxe a mesma existencia dunha poesía en lingua galega?

A. G. O caso galego paréceme moi especial, moi serio e enormemente positivo. Trátase dunha afirmación dunha cultura, dunha historia e dunha lingua, sobre todo, o cal leva asociada unha maneira de sentir, unha maneira de entender concreta que non é compartida co resto da península, que é en certo modo diferenciadora. Galicia ten a súa delimitación en canto entidade cultural e histórica. E en Galicia a causa da fortaleza desa

conciencia, digamos territorial, á forza de sentírense galegos, os escritores no século pasado foron moi conscientes da importancia da conservación e mesmo do crecemento da lingua. Isto fixérono os escritores, non fundamentalmente, pero si por enriba e mais alá das forzas mediáticas. Penso que se logrou engrandecer a lingua e facer máis forte a consolidación do ser humano na lingua. Soñar en galego, por exemplo, é un indicador disto. Con independencia de que na orde funcional a lingua teña todos os valores necesarios, hoxe podemos afirmar que Galicia ten unha excelente literatura. Digo en canto mo preguntan, penso que se sacásemos a media cualitativa da literatura de Galicia e a doutras rexións de España, ou do resto de España na súa totalidade, sería máis alta en Galicia. E penso que isto ten que ver coa vontade de vivificar a lingua, que estes dous feitos se deron en paralelo. Por iso Galicia, nesa orde, está nunha situación afortunada.

LETRAS VENCIDAS. Se para Derek Walcott «a dureza insoportable» da poesía de Ted Hughes consiste en que «abre fendas nas que o home contemporáneo non quere mirar», tamén a poesía de Antonio Gamoneda parece abrir fendas insoportables para a vista da democracia española. Pero se o poeta inglés atopa estes abismos nos territorios que median entre a bioloxía e o mito, para o castelán é na irrupción da Historia no persoal onde se produce a creba. En *Descripción de la mentira* ou *Libro del frío* non impera a reconciliación nacional, Gamoneda escribe desde a condición de vencido, de quen non pode aturar a contemplación da súa vida, a de todo un país, mutilada por aqueles bárbaros afincados nos cuarteis. Esta condición de vencido constitúe en si mesma un acto de rebeldía e unha acusación contra os vencedores e amos da situación na posguerra, mais tamén, contra os que certificaron, xa desde o cincuenta e seis, a prescrición de calquera humanidade lesa, un indulto xeral ditado por un tribunal invisible que pretendeu xulgar en nome de todos e para sempre. Gamoneda escribe desde esta banda do esquezo, dos que non se deixaron seducir polos «grandes letreros de la felicidad», dos que coñeceron a sutil cerimonia da delación: «describen un rostro con gestos muy precisos», e conservan intacto na memoria o nome do delator, dos que experimentaron a voraz friaxe dos alcores invernales na estepa e o atoparon “hermoso, aunque no era justo”. Se cadra, un dos labores do poeta é, precisamente, facernos sentir outra vez os feitos que os libros de Historia relatan con inevitable mornura; os paseados, a fame, o medo, os desaparecidos, os libros de Historia fálanos de todo isto pero a poesía do leonés fáinolo sentir, o terror. Isto non é a crónica da vida errada nun país errado, isto é a crónica dunha vida desfeita nun país desfeito. O silencio imponse e unha atención exclusiva; un secreto terrible está a ser revelado, alguén anuncia con voz grave o que aconteceu, como nunha sorte de profecía do pasado. Así, os seus poemas exercen sobre nós unha fascinación semellante á de mirar nun pozo, digamos que anulan a distancia crítica, que para ser lidos completamente esixen eliminar esa distancia. Por esta razón non é bo lelos de cando en vez, mellor é lelos de vez e afastarse deles despois por un tempo. Dan vertixe. Como cando Celan, ou Jelinek, ou Leopoldo Nóvoa. Un poeta que, ademais, coñece e aprecia a poesía galega, feito pouco adoito nos autores en castelán, que na súa actitude diante do escrito no resto de linguas do estado español adoitan variar entre a absoluta ignorancia e a amable condescendencia no mellor dos casos. Aínda que, probablemente, unha solidariedade sexa propicia entre vencidos e sometidos. Ante a poesía de Gamoneda, en definitiva, todas as outras resultan dalgún xeito “lixerías”, e isto tamén pode ser insoportable para despois do pop: a mesmísima voz de Cassandra chegado desde o soto xusto cando a festa empezaba animarse. Alguén debería dicirlle que cale. // **Alberto Lema**